



XUNTA XERAL ORDINARIA 2^a/2021

Acta da sesión que tivo lugar o día dezaseis de decembro de dous mil vinte e un.

En Santiago de Compostela, ás 20.00 h, reúñese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco J. Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros, D. Javier Constenla Vega, D^a María del Carmen González Ferro, D. Timoteo J. Gutiérrez Valerio, D. Manuel F. Martín García, D. Ramón Quintela Miramontes, D^a Margarita Ruiz Núñez e D^a María Jesús Vieito Mayo. Tamén asisten, o secretario técnico do Colexio, D. Manuel Arza Galán, o decano honorario do Colexio, D. Evaristo Nogueira Pol, e os colexiados D. Carlos J. García Cumplido e D^a Victoria Beatriz Piñeiro Vidal.

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral**
- 2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2022**
- 3. Rogos e preguntas**

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROcede, DA ACTA ANTERIOR

Sométese a votación a acta da sesión anterior, que é aprobada por unanimidade.

2. EXAME E VOTACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2022

O tesoureiro e o secretario técnico do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dan conta do orzamento para o ano 2022, que a continuación se detalla:

MEMORIA

1. Introducción

O Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela establece, no seu artigo 67, entre as atribucións da Xunta de Goberno a de “redactar os orzamentos e render contas anuais” (apartado d, 2º).

O artigo 91 recolle que na segunda xunta xeral ordinaria (segunda do ano) se dará lectura e se aprobará, se procede, o orzamento formado pola Xunta de Goberno para o seguinte ano.

O proxecto de orzamento do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para o exercicio 2022, que se presenta e se somete á aprobación da Xunta Xeral Ordinaria, supón a valoración económica das actividades que esta institución ten previsto desenvolver durante o próximo exercicio de acordo coa execución dos seus fins de actuación e condicionado á situación sanitaria e socioeconómica que estamos a padecer.

Este orzamento, tanto na súa forma coma no seu contido, representa a vontade de seguir avanzando na modernización do Colexio de Avogados, nos seus mecanismos de xestión e, sobre todo, en adaptar a súa infraestrutura ás novas tecnoloxías co fin de contribuir á súa dixitalización. Cobra centralidade o gasto destinado á formación continua dos colexiados ou o investimento en recursos telemáticos (bases de datos na web).

O proxecto de orzamento para o exercicio 2022 foi confeccionado consonte as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade e as normas de información orzamentaria de entidades sen ánimo de lucro.

Este orzamento é continuista, cunha pequena diminución con respecto ao do exercicio anterior como consecuencia do axuste das partidas de gasto tendo en conta os gastos realizados en anualidades anteriores. O seu obxectivo básico é garantir as prestacións dos servizos que ofrece o Colexio, de acordo coas fontes de financiamento coas que contamos, destacando os traballos e os investimentos que se realizarán no ámbito da formación continua (fomentando a formación en liña) dos colexiados e das novas tecnoloxías.

2. Estado de gastos

Os gastos ascenden a 807.465 €.

As variacións máis importantes en relación co orzamento do exercicio anterior son as seguintes:



- Incrementéntase un 5 % a partida correspondente á póliza do seguro de responsabilidade civil. Tras a renovación da póliza, a súa prima incrementéntase un 5 % debido á sinistralidade do exercicio anterior. Para este exercicio a subvención do Colexio mantense en 100.000 euros.
- Redúcese a partida correspondente ao apartado “Letrados” (649.1, 623.5 e 623.6) debido á redución da subvención do concello para o convenio da vía previa e a falta de convenio en materia de mediación intraxudicial familiar.
- Redúcese a partida correspondente a “Sistema de seguridade” (622.3) (alarma da sede do colexio) ao cambiarse de empresa prestadora do servizo e rebaixarse así a cota mensual. Así mesmo, incrementéntase a partida correspondente a “Electricidade”, como é lóxico, ante o actual contexto de elevado incremento do prezo da electricidade. Redúscense tamén os gastos en “telefonía” ao renegociar o contrato coa compañía por incluír o sistema de alarma.
- Elimínase a partida “Covid-19” creada no orzamento do exercicio anterior, xa que para o exercicio 2022 e a volta á nova normalidade non se prevé realizar gastos en material anti covid.
- A partida correspondente a “Gastos de persoal” incrementéntase arredor dun 3,5 % debido ao cambio de categoría profesional de dous traballadores (obrigatorio ao cumplir determinados anos no posto) e á previsible subida anual que establece o convenio de oficinas e despachos (1 % aprox.).
- A partida “Transferencias consellos – censo” sofre unha pequena redución debido ás baixas de colexiados residentes durante o ano anterior.
- O resto das partidas non sofren modificacións importantes, axustándose en boa medida ao gasto realizado en exercicios anteriores.

3. Estado de ingresos

Os ingresos ascenden a 807.465 €.

En relación co exercicio anterior, os ingresos sofren unha redución do 2,5 % aprox. debido principalmente á baixada do número de colexiados neste último ano e á non renovación do convenio de mediación familiar. As variacións más importantes en relación co exercicio anterior son as seguintes:

- Incrementéntase a partida correspondente a “Cotas do seguro de responsabilidade civil”, xa que áinda que o colexio subvenciona a dita póliza con 100.000 euros ao ano, ao subir a prima por asegurado, a cota final que paga cada colexiado tamén se verá incrementada.
- Redúscense todas as partidas correspondentes ás cotas colexiais (721.2 - cotas de incorporación; 721.1 - cotas periódicas; 721.4 – cotas censo) debido á redución do número de novas altas e á baixa de colexiados, sobre todo non exercentes, durante o exercicio anterior. Así mesmo, como vén sendo

habitual en exercicios anteriores, as cotas colexiais trimestrais non sofre incremento ningún.

- Redúcese a partida “Ingreso por subvencións” (74.3) ao non ter previsto a renovación do convenio de mediación intraxudicial familiar. Así mesmo, redúcese a partida “Outras subvencións (741) ao reducirse a achega do concello para a subvención da vía previa.
- Por outro lado, increménțase a partida “Infraestrutura quenda de oficio e SOX” xa que ao incrementarse a facturación dos letrados da quenda, vese incrementada a achega económica aos colexios (o 8 % por gastos de infraestruturas).
- O resto das partidas non sofren variacións importantes en relación cos exercicios anteiores.

Conclusións

Elaborouse un orzamento de gastos e ingresos continuista e adecuado á situación financeira desta institución, asegurando sempre o bo funcionamento da corporación e o mantemento de todos os seus servizos.

Por todo isto, e co obxecto de atender as diversas obrigas que son competencia do Colexio, a Xunta de Goberno propón á Xunta Xeral a aprobación deste orzamento de gastos e ingresos para o exercicio 2022.

ORZAMENTO 2022

| | | 2022 |
|----------------------------------|---|----------------|
| GASTOS | | 807.465 |
| I. SERVIZOS E ACTIVIDADES | | 283.916 |
| | 1.1 ACTIVIDADE ORDINARIA | 23.000 |
| 601.2 601.3 601.1 | 1.1.a. Actos corporativos organizados polo Colexio | 20.000 |
| 651.1, 651.2, 654 | 1.1.b Actos corporativos non organizados polo Colexio | 3.000 |
| | 1.2 OUTRAS ACTIVIDADES - SEGUROS | 232.916 |
| 625.1,625.4 | 1.2.b Seguro responsabilidade civil | 221.666 |
| 625.2 | 1.2.c Outros seguros, accidentes quenda de oficio | 5.000 |
| 625.5 | 1.2.d Póliza decesos | 3.750 |
| 625 | 1.2.e Primas de seguros (local e seguro comunitario) | 2.500 |



| | | |
|---------------------------|--|----------------|
| | 1.3 OUTROS SERVIZOS | 28.000 |
| 6292, 65,7 | 1.3.a Congresos e outras actividades | 5.000 |
| 6291 ,6291.1, 6291.2, 623 | 1.3.b Formación, xornadas e cursos | 20.000 |
| 65 | 1.3.c Bolsas Escola de Práctica Xurídica | 3.000 |
| | II. GASTOS XERAIS E DE ADMINISTRACIÓN | 156.959 |
| | 2.1 SERVIZOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES | 28.465 |
| 623 629.14 | 2.1.a. Xestoría, asesoría contable e gab. comunicación | 14.465 |
| 649.1, 623.5, 623.6 | 2.1.b Letrados: mediación penal e vía previa | 14.000 |
| | 2.2 GASTOS SEDE COLEXIAL | 27.326 |
| 622.1, 622,2 | 2.2.a Reparacións e conservación (limpeza e outros) | 16.800 |
| 622.3 | 2.2.b Sistemas de seguridade | 240 |
| 6282 | 2.2.c Auga e outros | 286 |
| 6281 | 2.2.d Electricidade | 10.000 |
| | 2.3 GASTOS OFICINA | 24.850 |
| 602 | 2.3.a Material de oficina | 5.000 |
| 6028007, 6028010 | 2.3.b Mantemento informático (SIGA e Regtel) | 16.850 |
| 629, 601.16 | 2.3.c Gastos diversos, Covid 19 | 3.000 |
| | 2.3.d Material informático | 0 |
| | 2.4 COMUNICACIÓN | 11.000 |
| 629.6 | 2.4.a. Mensaxería | 5.400 |
| 6283.1, 6283.3 | 2.4.b Telefonía | 5.000 |
| 629.5 | 2.5.d Outros | 600 |
| | 2.5 ARRENDAMENTOS | 4.158 |
| 621.6 | 2.5. a Renting | 4.158 |
| | 2.6 BIBLIOTECA | 55.060 |
| 6028006 | 2.6.a. Adquisición libros (códigos e outros) | 2.500 |
| 6293000 | 2.6. b Biblioteca on line e bases de datos biblioteca | 9.060 |
| | 2.6.c Bases de datos - web | 43.500 |
| | 2.7. OUTROS GASTOS COLEXIAIS | 6.100 |
| 629.7 | 2.7.a Guía colexial | 2.400 |
| 629.8 | 2.7.b Carné colexial | 1.500 |
| 629.11 | 2.7.c Adquisición de togas - limpeza | 600 |
| 629.13 | 2.7.d Revista colexial | 600 |
| 629,1 | 2.7.e Páxina web - mantemento | 1.000 |
| | III. PERSOAL | 291.650 |

| | | |
|------------|---|---------------|
| | 3.1. GASTOS DE PERSOAL | |
| 64,641 | 3.1.a Soldos e salarios | 196.599 |
| 642 | 3.1.b Seguridade Social | 67.123 |
| 64.25, 642 | 3.1.c Gastos de persoal EPX (salario e Seg. Social) | 27.928 |
| | IV. OUTROS GASTOS | 1.500 |
| | 4.1. OUTROS GASTOS | |
| 631 | 4.1.a. Contribucións e impostos | 1.500 |
| | V. TRANSFERENCIAS CONSELLOS E CENSOS | 73.440 |
| | 5.1 TRANSFERENCIAS CONSELLOS | |
| 620 | 5.1. Censo Consello Xeral Avogacía Española | 53.085 |
| 620.1 | 5.2. Censo Consello Avogacía Galega | 20.355 |

| | | |
|--------------------|---|----------------|
| | | 2022 |
| | INGRESOS | 807.465 |
| | I.- INGRESOS PROPIOS | 786.615 |
| | 1.1 PRESTACIÓN DE SERVIZOS | 135.016 |
| 705.7 | 1.1.a. Ditames e informes | 4.000 |
| 705,3, 721,5 | 1.1.c Cursos e xornadas (clases inglés) | 1.500 |
| 705.4,705.9, 754.0 | 1.1d Outros ingresos | 7.350 |
| 721,6 | 1.1.e Cotas seguro resp. civil | 121.666 |
| 705.6 | 1.1.f P.I. Catastral | 500 |
| | 1.2 COTAS COLEXIAIS | 539.099 |
| 721.2 | 1.2.a. Cotas de incorporación | 4.500 |
| 721,1 | 1.2.b Cotas periódicas | 461.158 |
| 721.4 | 1.2.c Cotas censos CGAE e CAG | 73.441 |
| | 1.3 INGRESOS POR SUBVENCIÓN | 112.500 |
| 74.1, 74.2 | 1.3.a Infraestrutura quenda de oficio e SOX | 72.500 |
| 74.3 | 1.3.b. Subvs. Xunta de Galicia (galego e mediación penal) | 36.000 |
| 741 | 1.3.c Outras subvencións (concello – vía previa) | 4.000 |
| | II.- INGRESOS FINANCEIROS | 150 |



| | | |
|-----------------------|--|---------------|
| | 2.1. XUROS CONTA CORRENTE | 150 |
| | III.-OUTROS INGRESOS | 20.700 |
| | 3.1. VARIOS | 19.700 |
| 755 | 3.1.a San Raimundo | 9.000 |
| 759 ,778 754,1, 723.0 | 3.1.b Outros ingresos (Mutua/vLex/Aon) | 8.200 |
| 705.18 | 3.1.c Venda de códigos e outros | 2.500 |
| | 3.2 PATROCINIOS E PUBLICIDADE | 1.000 |
| 723.2 | 3.2.a Publicidade guía colexial e web | 1.000 |


Unha vez sometido a debate e a votación, o orzamento para o exercicio 2022 é aprobado por unanimidade de todos e todas as presentes.

3. ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, rematamos a sesión en Santiago de Compostela, o día 16 de decembro de 2021. Como secretario, dou fe.

O decano



O secretario

